

a Noite Branca 2015



venres **7**
de agosto

exposicións
concertos
visitas guiadas

nos centros da
REDE MUSEÍSTICA e EXPOSITIVA
do Concello de Vigo

VIGO
FESTAS
2015



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

CONCELLO
DE VIGO



a Noite Branca

venres **7**
de agosto 2015

A concellería de Cultura promove o programa cultural “A noite branca” como iniciativa que pretende salientar o patrimonio e actividades dos centros da Rede Museística e Expositiva do Concello de Vigo, dende unha perspectiva máis novidosa, nun horario amplo e singular, procurando maiores atractivos para a cidadanía viguesa e para as persoas que visitan a cidade nestas datas. Nesta edición participan tamén a Sede Afundación Vigo e o Museo do Mar de Galicia.

A oferta, aberta a todo tipo de públicos realízase seguindo criterios de gratuidade, participación da cidadanía, sustentabilidade e novidade.

Concertos, visitas guiadas, apertura de novas exposicións, ampliación de horarios; tanto nos equipamentos do centro da cidade como na periferia.

ECLECTICIDADE

A NOITE BRANCA 2015

ECLECTICIDADE é un proxecto expositivo que ofrece **tres exposicións colectivas, simultáneas** na Casa das Artes, Casa Galega da Cultura e Verbum-Casa das Palabras, sobre diversas manifestacións artísticas ao redor da imaxe, producidas por fotógrafos e artistas visuais locais.

● “ECLECTICIDADE: Diálogos coa imaxe contemporánea en Vigo”

A exposición da Casa das Artes presenta proxectos visuais heteroxéneos sobre temas diversos: a memoria, o cine, os conflitos bélicos, a paisaxe, a arquitectura e a identidade en obras realizadas baixo diferentes linguaxes coma a fotografía, o vídeo, a fotomontaxe ou os límites entre videoarte e cine.

Artistas participantes: Ana Fresco, Cristina Brea, Daniel Garzee, Jacobo Pérez Bouzada, Juan Teixeira, Luis Díaz Díaz, Ricardo Pardo, Roi Alonso, Rosa Neutro, Sandra MG, Xabier Fernández, Xisela Franco, Julia Aranda Girón.

● “ECLECTICIDADE: Interpretando as tradicións”

A exposición da Casa Galega da Cultura mostrará tres formas diferentes de interpretar as tradicións a través da imaxe.

Artistas participantes: Cé Tomé, Roberto de la Torre, Alba Fernández Troiteiro e Xandre Outeiro.

● “ECLECTICIDADE: Un mar de libros”

A exposición de Verbum-Casa das Palabras ten o libro como fonte de inspiración na obra fotográfica dos autores que nela participan; os libros seleccionados polos autores que acompañan ás fotografías poden consultarse na sala polos espectadores.

Artistas participantes: Álvaro Rodríguez, Andrea Costas, Antonio Gutiérrez, Berto Pereira, Carolina Martínez, David de la Iglesia, Fernando Lafuente, Iñaki Matilla, José Romay, Lucía Romaní, Marian Cousilla, Paula Pez, Raquel Calviño, Rosendo Cid, Sara Miranda, Tony Vacas.

ACTIVIDADE
LUGAR
19:00 h ■ Apertura

CAT (Centro de Artesanía Tradicional)

20:00 h

- Apertura exposición “Ecléctidade...”
- Concerto CASPERVEK Trío + proxeccións AV
- Visita guiada
- Visita guiada á exposición temporal
- Visitas guiada á Sala de Arqueoloxía
- Visita guiada á exposición “Estraño cotián...”
- Visita guiada “Vigo. Paisaxes doutra época”
- Visitas guiadas ás exposicións
- Visita guiada
- Visitas guiadas
- Visita guiada á exposición “Galicia Mare Nostrum”

CASA DAS ARTES **C**
 CASA DAS ARTES **C**
 VERBUM-CASA DAS PALABRAS **SrT**
 MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO **Fc**
 PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” **Fc**
 PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” **Fc**
 PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego” **C**
 MARCO **C**
 CAT (Centro de Artesanía Tradicional) **Fc**
 XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo **C**
 e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla) **SrT**
 MUSEO DO MAR DE GALICIA **SrT**

20:30 h

- Visitas guiadas
- Visita guiada “O fermoso rostro do país”
- Conferencia

XARDÍN HISTÓRICO PAZO-MUSEO **Fc**
 PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego” **C**
 MARCO **C**

21:00 h

- Visita guiada á Sala de Arqueoloxía
- Visita guiada á exposición “Estraño cotián...”
- Concerto MP Bossa, Yuri Mello e Pedro Lima
- Visita guiada á exposición “Vigo, a cidade retratada”
- Concerto de Hot Air Balloon
- Visitas guiadas as exposicións
- Visita guiada
- Visitas guiadas
- Visita guiada á exposición “Tradición, cambio e innovación”

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” **Fc**
 PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” **Fc**
 MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO **Fc**
 CAFVI **C**
 FUNDACIÓN LAXEIRO **C**
 MARCO **C**
 VERBUM-CASA DAS PALABRAS **SrT**
 XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo **C**
 e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)
 SEDE AFUNDACIÓN VIGO **C**

21:30 h

- Visita guiada “Vigo. Paisaxes doutra época”
- Visita guiada exposición permanente cestería
- Presentación exposición “Ecléctidade...” e encontro cos artistas

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego” **C**
 CAT (Centro de Artesanía Tradicional) **Fc**
 CASA GALEGA DA CULTURA **C**

22:00 h

- Visita guiada á Sala de Arqueoloxía
- Visita guiada á exposición “Estraño cotián...”
- CONCERTO de Mónica de Nut
- Visita guiada á colección de arte galega
- Visita guiada a exposicións
- Presentación exposición “Ecléctidade...” e encontro cos artistas
- Concerto “Son do mar”
- Visita guiada á exposición “Galicia Mare Nostrum”

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” **Fc**
 PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” **Fc**
 PINACOTECA Francisco Fernández del Riego **C**
 CASA GALEGA DA CULTURA **C**
 MARCO **C**
 VERBUM-Casa das Palabras **SrT**
 XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO **C**
 MUSEO DO MAR DE GALICIA **SrT**

23:00 h	<ul style="list-style-type: none"> ■ Visita guiada / XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: <ul style="list-style-type: none"> ■ Visita especial ao Museo ■ Apertura exposición fotográfica “Viaxeiros: momentos de encontro” ■ Visita guiada á exposición “O fermoso rostro do país” ■ Visita guiada á exposición “Vigo, a cidade retratada” ■ Concerto CASPERVEK Trío + proxeccións AV ■ Visita guiada á colección permanente ■ Concerto ISGA Collective (+Yolanda Castaño) ■ Concerto “Rita Jazz Trío” ■ Visita guiada á exposición “Tradición, cambio e innovación” ■ Visita guiada á exposición “Vigo, a cidade retratada” 	<p>XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo C e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla) S_T MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO F_C PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego” C CAFVI C CASA DAS ARTES C FUNDACIÓN LAXEIRO C Diante do MARCO C VERBUM- Casa das Palabras S_T SEDE AFUNDACIÓN VIGO C CAFVI C</p>
24:00 h	<ul style="list-style-type: none"> ■ Visita guiada a exposicións ■ Visita guiada ■ Visita guiada ■ Visita guiada “Vigo. Paisaxes doutra época” ■ Concerto “2uS” ■ Visita guiada á exposición “Vigo, a cidade retratada” ■ Visita guiada á exposición “A caza” 	<p>MARCO C VERBUM-CASA DAS PALABRAS S_T XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo C e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla) S_T PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego” C PRAZA DA PRINCESA C CAFVI C FUNDACIÓN LAXEIRO C</p>
24:30 h	<ul style="list-style-type: none"> ■ Visita especial ao Museo ■ Visita guiada á exposición “O fermoso rostro do país” 	<p>MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO F_C PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego” C</p>
01:00 h	<ul style="list-style-type: none"> ■ Visita guiada á Sala de Arqueoloxía ■ Visita guiada á exposición “Estraño cotián...” ■ Visita guiada a exposicións ■ Visita guiada ■ Visitas guiadas ■ Concerto Sul Experience Band (+Artistas invitados) 	<p>PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LÉON” F_C PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LÉON” F_C MARCO C VERBUM-CASA DAS PALABRAS S_T XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo C e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla) S_T Diante do MARCO C</p>
01:30 h	<ul style="list-style-type: none"> ■ Visita guiada “Vigo. Paisaxes doutra época” 	<p>PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego” C</p>

Todas as visitas guiadas teñen unha duración aproximada de 45-50 min.



Centro



Freixeiro e Castrelos



Samil - Toralla

TIPOS DE ACTIVIDADES

VISITAS GUIADAS

PAZO-MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN e XARDÍNS HISTÓRICOS, PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”, CASA GALEGA DA CULTURA, CAFVI (Centro Arte Fotográfica de Vigo), MARCO-Museo de Arte Contemporánea de Vigo, FUNDACIÓN LAXEIRO, USEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO, CAT (Centro de Artesanía Tradicional), VERBUM-CASA DAS PALABRAS, XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla), SEDE ABANCA VIGO, MUSEO DO MAR DE GALICIA.

VISITAS GUIADAS ESPECIAIS

XARDÍN HISTÓRICO DO PAZO-MUSEO, CASTRELOS,
MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO,
CAT (Centro de Artesanía Tradicional).

APERTURA DAS EXPOSICIÓNS DO PROXECTO “ECLECTICIDADE”

NA CASA DAS ARTES, CASA GALEGA DA CULTURA E VERBUM-CASA DAS PALABRAS

CONCERTOS

CASA DAS ARTES. 20:00 h. **CASPERVEK Trío**, (apertura da exposición audiovisual con proxeccións de varios autores).

23:00 h. segunda sesión do concerto de **Caspervek Trío** e proxeccións audiovisuais.

MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO, no xardín. ENCONTRO MUSICAL. 21:00 h. **Concerto de MP Bossa, con Yuri Mello e Pedro Lima.**

CONCERTO NA PINACOTECA “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”. 22:00 h. **MÓNICA DE NUT.**

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO. 22:00 h. “**SON DO MAR**”.

VERBUM-CASA DAS PALABRAS. 23:00 h. “**RITA JAZZ TRÍO**”.

CONCERTOS NA PROXIMIDADE. MARCO. 23:00 h. **ISGA Collective (+ Yolanda Castaño).**

01:00 h. **Sul Experience Band (+Artistas invitados).**

CONCERTOS NA PROXIMIDADE. CASA GALEGA DA CULTURA. 24:00 h. “**2uS**”, na praza da Princesa
FUNDACIÓN LAXEIRO. 21:00 h. **Hot Air Balloon.**

REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA, POR ZONAS

FREIXEIRO e CASTRELOS

MUSEO QUIÑONES DE LEÓN
MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO

ALCABRE-SAMIL- TORALLA

MUSEO DO MAR DE GALICIA
VERBUM-CASA DAS PALABRAS
CENTRO DE INTERPRETACIÓN
DO MUNDO ROMANO

CENTRO

PINACOTECA “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”
CASA DAS ARTES
FUNDACIÓN LAXEIRO
MARCO-MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO
CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo)
CAFVI (Centro de Arte Fotográfica de Vigo)
CASA GALEGA DA CULTURA
SEDE A FUNDACIÓN VIGO
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS CASTRO DE VIGO

ACTIVIDADES CON RESERVA PREVIA

As visitas guiadas son gratuítas, teñen número limitado de asistentes en cada grupo, pero precisan de reserva previa as seguintes:

- Visitas guiadas á EXPOSICIÓN “ESTRAÑO COTIÁN” DO PAZO-MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN” DE CASTRELOS.
- Visitas guiadas á SALA DE ARQUEOLOXÍA DO PAZO-MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN” DE CASTRELOS.
- Visitas guiadas aos XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: CASTRO DE VIGO e CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUNDO ROMANO (TORALLA)

As reservas de visita realizaranse a través do servizo 010, dende o día 3 (luns) ao día 6 de agosto (xoves) e mentres haxa dispoñibilidade; máximo de 4 persoas en cada reserva.

- Visitas guiadas á exposición “TRADICIÓN, CAMBIO E INNOVACIÓN” SEDE AFUNDACIÓN VIGO.

A través do teléfono 986 129 032 (ata o día 7, de 9 a 13 h, excepto sábado e domingo) ou correo electrónico: areaeducativavigo@afundacion.org

Pazo - Museo Municipal “Quiñones de León” *(Parque de Castrelos)*

● Visitas guiadas á SALA DE ARQUEOLOXÍA

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos máximos de 30 persoas/visita.
- **Actividade:** Gratuítas, con reserva a través do servizo 010; do 3 ao 6 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva.



45 min.

● Visitas guiadas á EXPOSICIÓN “ESTRAÑO COTIÁN. A colección de artes decorativas no Museo Quiñones de León”

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos máximos de 30 persoas/visita.
- **Actividade:** Gratuítas, con reserva a través do servizo 010; do 3 ao 6 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva.



45 min.





Xardín Histórico do Pazo Museo “Quiñones de León”

(Parque de Castrelos)

● Visitas guiadas ao xardín histórico do Pazo-Museo

- **Horario:** 20:30 h. inicio das visitas guiadas ao Xardín Histórico.
- **Actividade gratuíta:** Punto de encontro: na porta do Pazo-Museo.
- **Destinatarios:** máximo de 30 persoas. Tres grupos.



45 min.

Xacementos Arqueolóxicos Castro de Vigo

● Visitas guiadas

- **Horario:** 20:00; 21:00; 23:00; 24:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos de 30 persoas como máximo. Gratuítas, con reserva a través do servizo 010; do 3 ao 6 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva.



< 60 min.

Ampliación
do horario
de 20:00h a
02:00 h

● CONCERTO NO XACEMENTO DO CASTRO

- **Horario:** 22:00 h. "SON DO MAR". Música experimental. Acceso libre.



45 min.

Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)

● Visitas guiadas

- **Horario:** 20:00; 21:00; 23:00; 24:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos dun máximo de 60 persoas. Gratuítas, con reserva a través do servizo 010; do 3 ao 6 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva.



60 min.

Ampliación
do horario
de 20:00h a
02:00 h



VERBUM-Casa das Palabras

(Avda. de Samil, 17)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● “ECLECTICIDADE: Un mar de libros”

- *Horario:* 22:00 h. Presentación da exposición con visita comentada polos artistas.

● Visitas guiadas ao Verbum-Casa das Palabras

- *Horario:* 20:00; 21:00; 24:00; 01:00 h.

- *Destinatarios:* Grupos de 30 persoas como máximo.



45 min.

● CONCERTO NO VERBUM

- *Horario:* 23:00 h. “RITA JAZZ TRÍO”. Música Jazz e Bossa Nova.

Entrada libre, ata completar capacidade.



45 min.



● EXPOSICIÓNS

“*LUIS SEOANE. Retrato de esguello*”. Salas da planta baixa

Este proxecto expositivo, coproducido polo MARCO de Vigo e a Fundación Luis Seoane, formúlase como revisión global da figura dun autor complexo e diverso, un creador de vocación universal. Intelectual comprometido, editor, pintor, debuxante, gravador, deseñador gráfico e industrial, escenógrafo, poeta, crítico e teórico das artes, emprendedor e outras moitas cousas, a traxectoria de Luis Seoane sitúao como a personalidade máis poliédrica da cultura galega do século XX.

“*A VOZ DO TRADUTOR*”. Salas do 1º andar

Comisariada por Martin Waldmeier, ‘A voz do tradutor’ foi o proxecto gañador da convocatoria 2015 do Premio MARCO/FRAC Lorraine/SFKM para novos comisarios. A través de quince artistas de diferentes xeracións e procedencias, esta mostra analiza o lugar da tradución na era da globalización. A crecente necesidade de traducións en todos os niveis da vida social, económica e cultural, pode ser considerada non só un desafío ou unha ameaza, senón tamén unha fonte de creatividade e experiencia, e mesmo un lugar de actividade subversiva e crítica.

“*JUAN LÓPEZ. _ACHAR*”. Anexo

_ACHAR, a intervención de Juan López no Anexo (vestíbulo principal) é a terceira proposta do ciclo Intertextual, comisariado por Ángel Calvo Ulloa. O artista inseriu dous grandes farois cuxo tamaño excedía o ancho do espazo e, axudado por un motor, forzounos a atascarse para que permaneceran nel. Un xesto mínimo que require dun importante despregue, e que xera ao mesmo tempo un indeleble rexistro, testemuño da acción violenta e do paso forzado, nunha alusión ao pasado do edificio como antigo cárcere.

● Visitas guiadas ás exposicións

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 24:00; 01:00 h.

Duración estimada da visita guiada: 45 minutos.

- **Destinatarios:** Grupos de 30 persoas como máximo.

● Conferencia ás 20:30 h

Conferencia de Carlos L. Bernárdez sobre “Esquema de claridades. A obra artística do primeiro Seoane”.

● CONCERTOS NA PROXIMIDADE

Rúa Príncipe, diante do MARCO. Acceso libre.

- **Horario:** 23:00 h. ISGA COLLECTIVE

(+ Yolanda Castaño).

Novo folk galego/ Poesía.

- **Horario:** 01:00 h. SUL EXPERIENCE BAND

(+Artistas invitados).

Música-danza urbana.



45 min.



45 min.



Museo Liste-Etnográfico de Vigo (r/ Pastora, 22)

● Visitas guiadas

- **Horario:** 20:00 h. Visita guiada á exposición temporal “O infinito camiñar do tempo”.
Guía especial: D. Domingo Pérez Somoza, propietario da colección.



45 min.

- **Horario:** 23:00 h. e 00:30 h. Visitas especiais guiadas ao Museo, que inclúe a exhibición dunha selección de obxectos singulares, non habituais na exposición permanente.



60 min.

● EXPOSICIÓNS

- **Horario:** 23:00 h. “Viaxeiros: momentos de encontro”.
Fotografías: Rocío Alonso e Vidal Martín. Viaxeiros. Imaxes que recollen outras formas de construír cultura no continente africano: Himba e Bosquimanos.

● ENCONTRO MUSICAL Na finca circundante do Museo.

- **Horario:** 21:00 h. Concerto de MP Bossa, con Yuri Mello e Pedro Lima.
Entrada libre e gratuíta.



60 min.



CAT (Centro de Artesanía Tradicional) *(Subida ao Castelo s/n)*

- *Horario de apertura:* 19:00 a 22:30 h.

● *Visitas guiadas*

Exposición permanente de cestería tradicional, situada no primeiro andar.

Con exhibición do proceso produtivo “Nasas de Vigo”.

- *Horarios:* 20:00 a 21:30 h.



60 min.



Fundación Laxeiro - Casa das Artes

(r/ Polícarpo Sanz, 15 - 3º andar)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

- Exposición temporal “A CAZA” (Elena Fernández Prada).
- Exposición permanente da Colección Laxeiro (Concello de Vigo).

● Visitas guiadas

- **Horario:** 23:00 h. Visita guiada á colección permanente da Fundación Laxeiro.
- **Destinatarios:** Grupo de 30 persoas como máximo.
- **Horario:** 24:00 h. Visita guiada á exposición temporal “La caza” de Elena Fernández Prada.
- **Destinatarios:** Grupo de 30 persoas como máximo.



45 min.

● Concerto nas salas da Fundación Laxeiro

- **Horario:** 21:00 h. HOT AIR BALLOON. Música Blues/Folk intimista.
- Entrada libre, ata completar capacidade.



Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego”

(r/ Abeleira Menéndez, 8)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● Visitas guiadas

“VIGO. PAISAXES DOUTRA ÉPOCA”.

- **Horario:** 20:00; 21:30; 24:00; 01:30 h.

- **Destinatarios:** Grupos de 40 persoas como máximo.



30 min.

“O FERMOSE ROSTRO DO PAÍS”.

- **Horario:** 20:30; 23:00; 00:30 h.

- **Destinatarios:** Grupos de 40 persoas como máximo.



45 min.

● CONCERTO NA PINACOTECA

- **Horario:** 22:00 h. MÓNICA DE NUT.

Performance/Música.

Entrada libre ata completar capacidade.



45 min.



Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

Casa Galega da Cultura (praza Princesa, 2)

● Visita guiada á Colección de Arte Galega

- **Horario:** 22:00 h.
- **Actividade:** Visita guiada á exposición permanente da Colección de Arte Galega, doada por Francisco Fernández Del Riego á cidade de Vigo.

● “ECLECTICIDADE: Interpretando as tradicións”

- **Horario:** 21:30 h. Presentación da exposición con visita comentada polos artistas.

● CONCERTOS NA PROXIMIDADE

Praza da Princesa. Acceso libre.

- **Horario:** 24:00 h. “2uS”. Un proxecto común de Pablo Carrera e Fernando Abreu, baseado na improvisación e experimentación.



45 min.



Exposición “Vigo. A cidade retratada” no CAFVI

(r/ Eduardo Chao, 17-19)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● “VIGO. A CIDADE RETRATADA”

Unha visión da cidade a través do tempo en 40 imaxes do segundo terzo do século XX, vistas dende as cámaras dos fotógrafos do estudio Pacheco: o crecemento cosmopolita, as industrias, a arquitectura, o urbanismo, o litoral, a vida social e o acontecer da cidadanía viguesa... para mellor comprender o Vigo actual.

● Visitas guiadas á exposición

- **Horario:** 21:00; 23:00; 24:00 h.

- **Destinatarios:** Grupos de 25 persoas como máximo.



45 min.

Casa das Artes (r/ Policarpo Sanz, 15)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● ECLECTICIDADE: Diálogos coa imaxe contemporánea en Vigo”

- **Horario:** 20:00 h.

● CONCERTO e PROXECCIONS NA CASA DAS ARTES

- **Horario:** 20:00 h. concerto do grupo CASPERVEK Trío. Durante o concerto realizaranse proxeccións dos seguinte autores: Alex Romero, Antonio Gutiérrez, Brandan Gómez, David Barreiro, Marta Moreiras, Virginia González.

- **Horario:** 23:00 h. segunda sesión do concerto de Caspervek Trío e proxeccións audiovisuais. Entrada libre ata completar a capacidade do espazo.



● EXPOSICIÓN “TRADICIÓN, CAMBIO E INNOVACIÓN”

ABANCA e Afundación presentan a nova exposición “Tradición, cambio e innovación”, baseada na colección de arte ABANCA. Un percorrido pola obra de grandes artistas do século XX nacionais e internacionais, para encontrarse coa esencia creativa de Castelao, Braque, Díaz Pardo, Blanchard, Dalí, Seoane... e máis artistas que seguen a representar hoxe a innovación artística a través de diversas influencias.

● Visitas guiadas exposición da Sede Afundación Vigo

- **Horario:** 21:00; 23:00 h.

- **Destinatarios:** Grupos de 30 persoas como máximo.

Reserva previa no 986 129 032 (ata o día 7, de 9 a 13 h, excepto sábado e domingo)

ou no correo areaeducativavigo@afundacion.org



45 min.



MUSEO DO MAR DE GALICIA

(Avda. da Atlántida, 160-Alcabre)



● EXPOSICIÓN “GALICIA MARE NOSTRUM”

Unha viaxe pola historia da costa galega dende a prehistoria ata a idade contemporánea, tanto por terra coma por mar; xacementos costeiros a través dos materiais neles atopados, as relacións con outras culturas grazas as fermosas pezas que deixaron, o fondo do mar e algúns dos pecios afundidos nas costas galegas e os seus tesouros.

● Visitas guiadas á exposición “GALICIA MARE NOSTRUM”

- **Horario:** 20:00; 22:00 h.

- **Destinatarios:** Grupos de 35 persoas como máximo.



60 min.

Ampliación
do horario
ata as
24:00 h

● EXPOSICIÓN “PACÍFICO. ESPAÑA E A AVENTURA DO MAR DO SUR”

PACÍFICO busca dar a coñecer os descubrimentos e exploracións españolas no Océano Pacífico durante os séculos XVI e XVII, mostrando ao público dunha forma próxima e interactiva documentos e pezas non expostos antes.



Información:



010 Servicio de Atención Ciudadá

Horario de servicio: de luns a venres de 8 a 20 h.
Sábados de 10 a 14 h.

Forma de contacto:

Dende Vigo marcando 010.

Fóra de Vigo e dende móbiles: 986 810 260

Fax 986 810 263

Correo electrónico: 010@vigo.org

Centro de Recepción de Visitantes - Turismo de Vigo

Rúa Canovas del Castillo nº3 - Estación Marítima da Ría, oficina 4

Tfno: 986 224 757

Horario: de 10 a 17 h de luns a domingo

Correo electrónico: ofi.turismo@vigo.org

www.vigocultura.org • www.vigo.org
e nas webs dos centros e entidades participantes

RESERVAS PREVIAS: Algunhas visitas guiadas precisan de reserva previa.



**REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO**

**CONCELLO
DE VIGO**

